



MEMORIA DE ALCALDIA

De conformidade co disposto no artigo 168.1 a) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), “O orzamento da entidade local será formado polo presidente e a el unirase a seguinte documentación [..] a) *Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.*

Á vista do anterior, expónse a seguinte memoria da alcaldía do Orzamento 2025:

O Estado de gastos do proxecto do Orzamento que se achega ascende a 5.950.685,00 euros e o Estado de Ingresos ascende á mesma cantidade de 5.950.685,00 euros quedando inicialmente equilibrado, cumprindo así coa esixencia que expresamente sinala o núm. 4 do artigo 165 do referido Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Tendo en conta o anterior, achégase con esta memoria os seguintes estados comparativos:

- Estado comparativo por capítulos do orzamento de gastos.
- Estado comparativo por áreas de gasto do orzamento de gastos.
- Estado comparativo por capítulos do orzamento de ingresos.

Á vista da información contida nos ditos estados, destácase o seguinte:

A. Estado de ingresos

En relación coa imposición o maior incremento respecto do orzamento 2024 prodúcese nos impostos de bens inmobles (rústico e urbano) considerando a aprobación da modificación da Ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles (IBI) pola que se incrementan os tipos de gravame. Igualmente, incorpórase un leve incremento na previsión dos ingresos polo imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM) considerando a execución dos ingresos en período executivo na recadación deste imposto que non foi considerada na previsión do ano 2024 que unicamente incluía a previsión de ingresos axustada ao incremento da cota coa modificación da ordenanza fiscal no ano 2023.

Pola súa banda, mantense as previsións para os ingresos do imposto de bens inmobles de características especiais, imposto sobre o incremento do valor dos bens de natureza urbana e o imposto sobre actividades económicas.

A imposición directa supón un 25,61 % do total do orzamento, continuando a ser o imposto sobre bens inmobles de natureza urbana o imposto de maior previsión (712.000,00 €).

Pola súa banda, na imposición indirecta contémpanse as mesmas previsións para o imposto sobre construcións, instalacións e obras considerando os datos da liquidación do 2023 e os de execución do presente ano 2024.

En relación coas taxas e outros ingresos cómpre facer as seguintes mencións:

- Non se contemplan nesta anualidade os ingresos por cotas urbanísticas vinculadas ao polígono SUND4 (en consonancia, tampouco se contemplan a realización de gastos por este concepto)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



- Contémplase un maior ingreso polo prezo público das excursións da Terceira Idade ao incorporarse na xestión municipal as excursións extraordinarias (a mesma previsión prodúcese no orzamento de gastos)
- Trasládase un incremento na previsión de ingresos nas taxas polos servizos de actividades deportivas, ximnasio municipal e utilización do pavillón de acordo coa nova Ordenanza fiscal nº 27 reguladora da taxa pola prestación de servizos deportivos e utilización do pavillón municipal

En conxunto, o resto de taxas, prezos públicos e outros ingresos do capítulo III axústanse á baixa ou a alza considerando os datos da liquidación do 2023 o a execución do presente ano 2024.

A taxa por recollida do lixo continua a ser a taxa con maior previsión de recadación (200.000€).

No que respecta as transferencias correntes, incrementadas no seu conxunto nun 9,00 % destácase:

- Ingresos procedentes do Estado: En relación coa participación nos ingresos do estado (PIE), a cantidade trasladada os orzamentos xorde do cálculo dunha previsión de minoración por importe de 140.000 euros (considerando os cálculos de 2024 cunha poboación por debaixo dos 5.000 habitantes) e da aplicación dun incremento no PIE para 2025 dun 13%, así como da previsión da liquidación definitiva de 2023 que procede ingresar en 2025, de acordo coa información facilitada a este goberno.

As transferencias vinculadas ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero non se contemplan nas previsións iniciais do orzamento. A súa execución condicionase a publicación no BOE das cantidades a transferir e da realización da oportuna modificación de créditos na modalidade de xeración de crédito de acordo coas indicacións do departamento de xestión económica.

- Ingresos procedentes da Xunta de Galicia: No que respecta a previsión do Fondo de Cooperación Local (FCL) correspondente ao ano 2025 incorpóranse os datos facilitados pola Consellería de Facenda respecto do Fondo Base, o Fondo Adicional (Centro de saúde e de xestión de residuos) e a previsión de liquidación de 2023 a ingresar no 2025.

No resto de ingresos procedentes da Xunta de Galicia prevese incrementos no financiamento do servizo de axuda no fogar e da escola infantil municipal, a consecuencia esta última da modificación da ordenanza fiscal nº 16 reguladora da taxa pola prestación do servizo de EIM no que respecta á matrícula para o curso 2025/26, así como no financiamento do programa Conxuga-Corresponsables, así como as previsións de financiamento doutras actividades no ámbito dos servizos sociais vinculadas ao Proxecto Anual de servizo sociais comunitarios municipais (PASSCM), como inserción social, atención temperá ou promoción da autonomía persoal e mantense as previsións de subvencións habituais como voluntariados ou da AEDL e ingresos dos convenios para a limpeza do CPI de Vedra e para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais. Non se prevén as subvencións vinculadas á contratación de persoal temporal como o RISGA ou APROL RURAL. No suposto de concederse as ditas subvencións realizarase a oportuna modificación de crédito na modalidade de xeración de crédito, considerando que no estado de gastos están previstos os fondos propios das mencionadas actividades. Outras actividades quedan igualmente condicionadas a xeración de crédito como son as de dinamización lingüística, mellora de coleccións bibliográficas ou dotacións de novidades editoriais. Mantense polo tanto o criterio do departamento de xestión económica de non incluír como créditos iniciais as posibles transferencias correntes para subvencións de programas que de non recibirse, non se levarán a cabo polo Concello.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



- Ingresos procedentes da Deputación da Coruña: No que respecta ao POS, prevese no capítulo IV as transferencias do POS 2025 para gasto corrente e para a redución da débeda dos concellos coa Deputación.

No resto de ingresos procedentes da Deputación prevese as transferencias vinculadas ao programa de financiamento dos servizos sociais (FOPPSS) sen variacións respecto do 2024 así como novas previsións de financiamento considerando os datos de 2024, como o programa de envellecemento activo ou da campaña de promoción de produtos locais e mantense as previsións de subvencións habituais como o programa de socorrismo, mantemento do posto de técnico/a en xestión cultural ou persoal técnico deportivo. Non se prevén as subvencións vinculadas a Rede Cultural, programa de integración laboral (PEL), atención a oficina de turismo ou mantemento do centro coworking “A Estación”. No suposto de concederse as ditas subvencións realizarase a oportuna modificación de crédito na modalidade de xeración de crédito, considerando que no estado de gastos están previstos os fondos propios das mencionadas actividades. Mantense polo tanto o criterio do departamento de xestión económica de non incluír como créditos iniciais as posibles transferencias correntes para subvencións de programas que de non recibirse, non se levarán a cabo polo Concello.

- Ingresos procedentes de outros Concellos: prevese, como en anos anteriores, a sinatura dun convenio interadministrativo co Concello de Boqueixón para as actuacións conxuntas de actividades, programas, servizos e proxectos en materia de Xuventude e voluntariado nos seus termos municipais

O resto de ingresos deste capítulo mantense regulares coa única incorporación da aportación anual da Asoc. Terras de Compostela ao Concello de Vedra de acordo co convenio subscrito e coa finalidade de garantir a sustentabilidade económico-financeira do Concello de Vedra no exercicio das súas atribucións outorgadas en calidade de entidade executora do subproxecto PSTD.

En relación ás transferencias de capital, incorpóranse as previsións de financiamento para os investimentos incluídos no Anexo de Investimentos que se achega co Orzamento e incluídos nos Plans de Obras da Deputación de Coruña así como as previsións de transferencias para o financiamento de investimentos por parte da Xunta de Galicia e que ten a súa contrapartida no capítulo VI de gastos na parte financiada.

No capítulo VIII non se modifica o importe en relación co 2024 no que respecta aos reintegros de anticipos concedidos ao persoal do Concello.

Pola súa parte, non se prevén ingresos no capítulo IX ao non terse previsto a concertación de ningunha operación de crédito a longo prazo.

En conxunto, o cálculo dos recursos que constan no Estado de Ingresos fíxose atendendo aos criterios de prudencia e racionalidade en base aos datos facilitados polo departamento de xestión económica en canto a liquidación do exercicio 2023 e o avance da liquidación de 2024 e da información facilitada a este goberno por outras administracións públicas, o que permite pensar que os mesmos se liquidarán na súa totalidade, salvo circunstancias alleas ao Concello ou causas non previstas.

B. Estado de gastos



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



En relación cos gastos de persoal, os datos e importes incluídos no orzamento 2025 correspóndense cos da modificación da RPT aprobada inicialmente por acordo do pleno da corporación do 30 de outubro de 2024 (BOP núm. 214 do 06.11.2024) e incorporando un incremento total acumulado de 2,5% do cal:

- O 0,5% correspóndese co incremento pendente do 2024, considerando o estipulado na estipulado na Resolución de 14 de novembro de 2022, de la Secretaría de Estado de Función Pública, por la que se publica el «Acuerdo Marco para una Administración del siglo XXI». (BOE núm. 276 do 17.11.2022) que dispón *“Adicionalmente a la subida fija del año 2024, si la suma de la variación del IPCA de los años 2022, 2023 y 2024 superara el incremento retributivo fijo acumulado de 2022, 2023 y 2024 establecido en los párrafos anteriores, se aplicará un incremento retributivo adicional y consolidable del 0,5%. Este incremento adicional tendría efectos de 1 de enero de 2024”*.
- O 2% correspóndese coa previsión prudente que realiza este Concello considerando que nesta data descoñécense datos oficias de previsión de incremento retributivo para o ano 2025, polo que mantense a mesma porcentaxe prevista de incremento que tivo lugar no ano 2024.

Toda a información detallada en relación co capítulo I atópase na documentación que se incorpora no expediente en relación coa Masa Salarial e capítulo I e debatida na mesa xeral de negociación do 02.12.2024.

Non obstante, destácase aquí que, como en anos anteriores, non están orzamentados os créditos para programas de contratación de persoal temporal tales como Aproz Rural, Risga ou PEL. No caso da súa concesión, procederase á oportuna modificación de crédito por xeración, de acordo coas indicacións trasladadas polo departamento de xestión económica.

Este capítulo inclúe igualmente os créditos para os concelleiros/as en réxime de dedicación, dando cumprimento ao previsto no artigo 75 ter e 104 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, en canto ao número de concelleiros con dedicación exclusiva e de persoal eventual. En relación ambos límites máximas, para unha poboación 3.001 e 10.000 habitantes, o número de concelleiros con dedicación exclusiva non será superior a tres.

No capítulo II, referido a gastos correntes en bens e servizos, prodúcese un incremento do 10,46 % motivado ademais de polo incremento xeral dos prezos, tamén pola previsión de novas licitacións especialmente o servizo de axuda no fogar e a incorporación de actividades ou programas, si ben estas están asociadas ao respectivo aumento nas previsións de ingresos por subvencións a percibir polo Concello.

Respecto aos gastos financeiros, inclúe os créditos para facer fronte aos os xuros polos préstamos e pólizas concertadas polo Concello de Vedra e outros gastos especialmente vinculados a xestión das remesas de recibos para o cobro das taxas e prezos públicos municipais. Os gastos por xuros vinculados aos préstamos mantense respecto do orzamento 2024. Pola súa banda, os xuros vinculados ás pólizas minóranse debido a cancelación neste ano 2024 da póliza por importe de 200.000,00 euros que o Concello tiña concertada coa entidade Banco de Sabadell, S.A. e da póliza por importe de 400.000 euros que o Concello tiña concertada coa entidade ABANCA Corporación Bancaria, S.A..

A nova concertación dunha póliza en novembro de 2024 ascende á cantidade de 300.000 euros polo que a previsión de os xuros minórase de acordo a este novo importe concertado.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



O capítulo IV mantense en termos xerais aos créditos previstos no ano 2024. Están incluídas entre outras as seguintes dotacións:

- Axudas de emerxencia social
- Dotacións económicas aos grupos municipais.
- Subvencións nominativas que figuran detalladas no orzamento e no anexo de subvencións que acompaña ao orzamento e que ascenden á cantidade de 82.300,00 euros.
- Transferencia a favor do Concello de Boqueixón polo servizo conxunto do CIM e previsións de transferencias pola organización no ano 2024 de actividades conxuntas de xuventude e voluntariado.
- Transferencias á Fegamp, Femp, Terras de compostela, entre outras.
- Subvencións en réxime de concorrencia competitiva convocadas polas áreas de Servizos sociais.

No que respecta ao capítulo VI inclúense os investimentos que se achegan neste expediente como Anexo de investimentos por importe total de 576.249,00 euros . Destacar que as obras incluídas no Plans de Obras da Deputación unicamente se incorpora no orzamento a obra de “Ampliación rede abastecemento á San Miguel de Sarandón (POS+2023)” en licitación e que se prevé adjudicar ao inicio do ano 2025. Non se prevén as seguintes obras no Orzamento 2025 xa que se prevén adjudicar neste ano 2024, polo que se incorporarán ao orzamento para a súa execución en 2025 mediante a modificación de créditos de incorporación de remanentes:

Investimento	OBL
Reforma de Camiños en Texo, Caraville e O Pumariño (POS+2023)	94.230,90 €
Mellora de camiños en Gundían, Sobredo e Outros (POS+2024)	156.279,99 €
Ampliación da rede de abastecemento a San Miguel de Sarandón (POS+AD 2/2024)	176.072,70 €
Ampliación da rede de abastecemento A Picón (POS+ AD 2/2024 1ª Fase)	79.547,46 €
TOTAL	506.131,05 €

No suposto de iniciar a licitación e execución de obras incluídas nos Plans de Obras que se aproben para o ano 2025 procederase a modificación de créditos na modalidade de xeración de crédito.

No capítulo VIII non se producen variacións respecto do ano 2024. A súa dotación ten como única finalidade a tramitación de anticipos ao persoal.

Por último, no capítulo IX inclúense os créditos para amortización do principal dos préstamo concertados coa entidade bancaria Sabadell para o investimento “Edar e saneamento en Vedra” e de “Saneamento das parroquias de San Mamede e Santa Cruz”. Inclúense así mesmo os créditos para a redución da débeda coa Deputación no marco do POS+ Adicional 3/2025.

En definitiva, a estimación de ingresos é prudente e realista e os créditos son suficientes para cubrir o custo dos servizos e para facer fronte aos compromisos e débedas esixibles.

Vedra, na data de sinatura dixital, o alcalde, Carlos Martínez Carrillo

PRESUPUESTO DE GASTOS COMPARATIVO POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO	Presupuesto		Presupuesto		DIFERENCIA	%	Presupuesto		
	Inicial	2025	Inicial	2024			Definitivo	2024	DIFERENCIA
1 .- Gastos de personal	1.678.050,00		1.674.449,00		3.601,00	0,22	1.750.944,83	-72.894,83	-4,16
2 .- Gastos corr. bienes y ser	3.352.662,00		3.035.230,00		317.432,00	10,46	3.810.729,91	-458.067,91	-12,02
3 .- Gastos financieros	29.500,00		32.500,00		-3.000,00	-9,23	34.000,00	-4.500,00	-13,24
4 .- Transferencias corrientes	159.395,00		163.930,00		-4.535,00	-2,77	226.870,00	-67.475,00	-29,74
6 .- Inversiones reales	576.249,00		709.803,00		-133.554,00	-18,82	1.208.157,08	-631.908,08	-52,30
7 .- Transferencias de capital						0,00			0,00
8 .- Activos financieros.	15.000,00		15.000,00			0,00	13.500,00	1.500,00	11,11
9 .- Pasivos financieros.	139.829,00		41.000,00		98.829,00	241,05	73.901,09	65.927,91	89,21
Total Presupuesto . . .	5.950.685,00		5.671.912,00		278.773,00	4,91	7.118.102,91	-1.167.417,91	-16,40

PRESUPUESTO DE GASTOS COMPARATIVO POR ÁREAS DE GASTO

ÁREA DE GASTO :	Presupuesto		Presupuesto		DIFERENCIA	%	Presupuesto		
	Inicial	2025	Inicial	2024			Definitivo	2024	DIFERENCIA
0 .- DEUDA PÚBLICA.	164.829,00		70.000,00		94.829,00	135,47	102.901,09	61.927,91	60,18
1 .- SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS.	1.826.204,00		1.947.200,67		-120.996,67	-6,21	2.687.116,22	-860.912,22	-32,04
2 .- ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SO	2.072.412,00		1.770.000,00		302.412,00	17,09	1.963.518,56	108.893,44	5,55
3 .- PRODUCCIÓN DE BIENES PÚBLICOS DE CARÁCTE	910.199,00		1.036.094,31		-125.895,31	-12,15	996.189,58	-85.990,58	-8,63
4 .- ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO.	95.000,00		8.000,00		87.000,00	1.087,50	525.000,00	-430.000,00	-81,90
9 .- ACTUACIONES DE CARÁCTER GENERAL.	882.041,00		840.617,02		41.423,98	4,93	843.377,46	38.663,54	4,58
Total Presupuesto . . .	5.950.685,00		5.671.912,00		278.773,00	4,91	7.118.102,91	-1.167.417,91	-16,40

PRESUPUESTO DE INGRESOS COMPARATIVO POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO	Previsiones		Previsiones		DIFERENCIA	%	Previsiones		DIFERENCIA	%
	Iniciales	2025	Iniciales	2024			Definitivas	2024		
1 .- Impuestos directos	1.524.000,00		1.409.500,00		114.500,00	8,12	1.409.500,00		114.500,00	8,12
2 .- Impuestos indirectos	60.000,00		60.000,00			0,00	60.000,00			0,00
3 .- Tasas, Prec.Públicos y ot	817.953,90		822.069,78		-4.115,88	-0,50	822.069,78		-4.115,88	-0,50
4 .- Transferencias corrientes	3.209.131,00		2.944.282,00		264.849,00	9,00	3.705.660,85		-496.529,85	-13,40
5 .- Ingresos patrimoniales.	360,00		360,00			0,00	360,00			0,00
6 .- Enajenación de inversione						0,00				0,00
7 .- Transferencias de capital	324.240,10		520.700,22		-196.460,12	-37,73	1.040.917,03		-716.676,93	-68,85
8 .- Activos financieros.	15.000,00		15.000,00			0,00	179.595,25		-164.595,25	-91,65
9 .- Pasivos financieros.						0,00				0,00
Total Presupuesto . . .	5.950.685,00		5.771.912,00		178.773,00	3,10	7.218.102,91		-1.267.417,91	-17,56